

Att: Dña. Ángeles Vázquez Mejuto
Conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda

Lugo, 6 de xaneiro de 2023

Sra. Vázquez:

Póño-me en contacto con vostede como afectado/a polas últimas decisións da súa consellería en materia de lobo e a súa convivencia coa actividade gandeira, e en concreto, o anuncio da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda (CMATV) da **perda de máis de 4,3 millóns de euros para compensar os danos sufridos nas nosas ganderías así como para sufragar os custes da convivencia**, permítome poñela en contexto:

1- A actividade gandeira extensiva e semiextensiva é a base do sistema produtivo galego de carne e é a que está a sufrir a totalidade dos danos do lobo sobre o sector gandeiro. Isto non só está recoñecido por datos oficiais, senón que ata tanto o Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico (MITERD) e a Comisión Europea (CE) así o teñen recoñecido.

2- Nos anos 2019 e 2021, os Comisarios de Medio Ambiente e Agricultura da CE dirixiron dúas cartas públicas aos estados membros asinadas conxuntamente polos srs. Vella e Hogan en 2019 e polos srs. Sinkevičius e Wojciechowski en 2021.

Ámbalas dúas recoñecían o difícil papel da gandería extensiva naquelas áreas con presenza de lobo e **a necesidade dun apoio total, decidido e comprometido coa actividade gandeira cubrindo o 100% dos custes dos danos e da prevención con fondos FEADER.**

3- Que o MITERD ven de aprobar o 28 de xullo de 2022 a “ESTRATEGIA PARA LA CONSERVACIÓN Y GESTIÓN DEL LOBO (*Canis lupus*) Y SU CONVIVENCIA CON LAS ACTIVIDADES DEL MEDIO RURAL” na que se recolle tamén o papel da gandería extensiva e o necesario apoio de esta actividade para o mantemento dun rural vivo, así como para acadar un mellor nivel de coexistencia co lobo. Que a CMATV non subscribiu a día de hoxe este documento.

4- Que nos orzamentos do Estado Español para 2022 destinouse unha partida de 20 millóns de euros para o pago de danos e o apoio ás medidas preventivas dos cales o propio MITERD reservou 4,3 millóns para Galicia.

5- Que grazas á xestión da CMATV perdéronse eses fondos para o ano 2023, destinados enteiramente á gandería extensiva galega como recoñeceu a propia Consellería a finais de 2022.

6- Que o importe total destinado ao mesmo fin pola CMATV no período 2016-2021 (6 anos) foi de menos de 3,7 millóns de euros.

7- Que dende o 2016 non se actualizan os importes das medidas preventivas subvencionadas, e mesmo se reduciu a axuda para adquisición de cans mastíns. E na

actual situación de incremento dos custes de produción estes importes son inaceptables. En concreto, **os importes de axuda a construción de peches fixos non chega a cubrir o 25% do custe real da instalación; e no caso do mantemento de mastíns non chega ao 50% do mesmo.**

8- Que dende 2016 se ven denunciando **a falta de apoio explícito á gandería extensiva, pois as axudas á prevención poden ser, e son concedidas a ganderías intensivas** que compiten polos fondos coa gandería extensiva que si debe convivir coa presenza de lobo e sofre os seus ataques.

9- Que a falta de diálogo da CMATV co sector gandeiro demóstrase no abandono do Plan de Xestión do Lobo. Este foi aprobado en 2008 e obriga á propia Consellería a realizar un censo do lobo cada dous anos e a creación da Mesa do Lobo. **O primeiro punto foi realizado en 2013-15 e agora en 2021-22 (datos do censo aínda sen publicar) e a segunda nunca foi convocada.**

10- Que os **1,75 millóns de euros orzamentados para este 2023 pola CMATV son moi inferiores ao apoio aprobado nos orzamentos do Estado Español que supoñían 4,3 millóns de euros para Galicia.**

Diante da perda da financiación do MITERD debido á mala xestión da Consellería e a persistente falta de diálogo co sector, esíxese á CMATV o mesmo apoio que o orzamentado polo MITERD.

Por todo isto,

ESÍXOLLE Á CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA DESTINE UN ORZAMENTO DE 4,3 MILLÓNS DE EUROS PARA O ANO 2023 PARA O PAGO DE DANOS E O APOIO ÁS MEDIDAS PREVENTIVAS PARA A GANDERÍA EXTENSIVA EN GALICIA.

Esperando á resposta do goberno da Xunta de Galicia, reciba un cordial saúdo.

D/Dna _____ co DNI _____

☐ *como gandeiro/a*

☐ *como representante da gandería* _____ *co NIF* _____

☐ *como técnico/a da entidade* _____ *co NIF* _____

☐ *como representante da Asociación* _____ *co NIF* _____